

Fundación Liste - Museo Liste. Vigo

Olimpio Liste Regueiro - Victoria Vázquez López



A Fundación Liste - Museo Liste. Vigo, creada en xuño de 1999, nace da proposta do Concello de Vigo a D. Olimpio Liste Regueiro, de compartir o seu imprescindible legado no campo da etnografía, e, con el, a súa paixón, pois, como ben se dixo na sinatura do convenio co Concello, que regula o funcionamento da Fundación: A importancia deste novo Museo vai radicar en que as pezas da colección veñen a Vigo “*co seu pai*”, o que vai imprimirlle carácter á Institución.

A sede do Museo é unha vivenda unifamiliar de mediados do século XX, bordeada de 5000 m². de finca. Abre as súas portas ó público en decembro de 1999, con once salas de exposición permanente, que acollen diferentes ámbitos da cultura tradicional, cos que se pretende achegar uns contidos “evocadores”; mediante obxectos da actividade creadora do home, da que se vai perdendo conciencia.

O MUSEO : MONTAXE E DISCURSO EXPOSITIVO

A filosofía coa que nace a Fundación e impregna a vida do Museo, é a de empregar o espazo, e transformalo de xeito que permita o diálogo entre a “obra” e o visitante, que se converte sempre nun convidado de excepción, participe do contido expositivo, ó que se lle “esixe” intervención.

A opción expositiva, de formulación estética global, atende a distintos criterios segundo as diversas intencionalidades das salas, coa máxima de destacar a dignidade das pezas e, a través de ámbitos temáticos suxestivos, recrear espazos e encheiros de vivencias.

CONTIDO TEMÁTICO

O Museo, de carácter monográfico e clara vocación etnográfica, quere ofrecer unha visión globalizadora de todo o ámbito da Comunidade Autónoma Galega, a través da selección dos fondos, que presentan aqueles aspectos monográficos da vida cotiá “menos” coñecidos, ou

fora do contido deste tipo de Institucións.

O Museo dispón dunha dotación inicial de 1.630 pezas, doazón de D. Olimpio Liste; e na actualidade supera as 2.000.

As salas de exposición, sitúanse espacialmente en tres plantas

Planta baixa:



“Do telúrico ó gastronómico”

Sala I : “Do telúrico ó gastronómico” evoca, nun percorrido cronolóxico, a importancia do cultivo do centeo, cereal básico no agro galego; ofrecendo unha visión do momento de maior intensidade, a través dos obxectos empregados durante todo o proceso de cultivo: dende a preparación da terra, sementeira, coitado, transporte....ata a malla e ensilado.

Sala II: “A maxia do círculo no transporte” . Das máis de cincuenta

pezas que conforman o carro tradicional, enfócase unha : o rodado, que pon de manifesto a gran variedade tipolóxica, ó mesmo tempo que se recorda a grandeza de seu pasado.

Planta primeira:

Sala III: “A necesidade oficiada”: Penteiro, selleiro, albeitar, cordeiro....máis de cincuenta oficios están aquí representados nun marcado carácter conceptual: obxectos significativos onde a importancia do “artesán” radica na unicidade do seu produto, e na “alma” coa que está dotado. Oficios pouco coñecidos, desaparecidos, evolucionados...sinte-



“A necesidade oficiada”



“Arte tecido”

tízanse nun simbolismo evocador destes especialistas que traballaban en “íntima” relación co seu produto.

Sala IV: “O vedado”. O protagonista é o reservado, a intención: preservar: o íntimo, o sagrado, o público, o privado. Peche e a súa simboloxía -expresada na chave-, mostran unha interesante manifestación da “industria” dos nosos ferreiros.

Sala V: “A arte Tecido,” aborda aqueles aspectos que teñen relación coa teciduría tradicional: materiais e técnicas empregadas na fabricación de febras -en especial de liño- cos numerosos trebellos que interveñen no proceso.

Planta segunda:

Sala VI: “O escultor descoñecido”. O nexo de unión desta sala é o tratamento, tal vez máis primitivo, da madeira ; “o escavado”; que consiste en afondar para conseguir espazos baldeiros, e conferirlles un sentido utilitario. Baixo este denominador poden observarse distintos obxectos, que responden a demandas específicas: dende útiles de cociña, ata mobiliario, ferramentas de oficios, enxeñaría hidráulica, e un longo etcétera.

Sala VII: “Triunfo sobre a escuridade” Na que se ofrece unha panorámica dos medios de iluminación a través do tempo, con especial atención a aqueles máis ligados ó individuo no ámbito rural, e que lle son mais íntimos.

Sala VIII: “Materialidade da fe”. Recolle a profundidade relixiosa que empapa moitas das actividades das nosas xentes, -expresada e vivida-, a través das ofrendas; en espe-



“O escultor descoñecido”



“Exvotos”

cial os exvotos de cera. Ponse de manifesto a materialización do sentimento relixioso onde, nalgúns casos, mestúrase co máxico residual de antigos cultos .

Sala IX: “Menciña popular”. Enfocada coma homenaxe ós nosos “compostores”, homes e mulleres dedicadas ó “oficio de curar”, que nos achegan, a través das súas testemuñas a unha concepción distinta da enfermidade, nunha realidade de vixente actualidade.

Salas X/ XI: “O Escusado”. Exposición fotográfica que pendura das paredes dos “escusados”, nas que se mostran vellos retretes de castelos e pazos, primeiros pasos cara o futuro dos inodoros que se foron afastando do campo.

“ O escultor descoñecido”

ACCION CULTURAL: ACTIVIDADES

Ademais da visita á exposición, necesaria e intencionadamente guiada, o Museo é consciente do poder

de comunicación que pode ter, para o que oferta numerosas actividades que van permitir desenrolar o amplo proxecto cultural no que se inscribe:

- Programas educativos para escolares: dende guións culturais informativos, ata material didáctico: fichas de traballo, xogos, entretementos, etc.

- Visitas itinerantes: nova proxección do Museo nos centros de ensino ós que se despraza compartindo os seus fondos.

- Proxeccións audiovisuais: relativas ós contidos temáticos

- Exposicións temporais: na sala multifuncional, teñen cabida ó longo do ano exposicións de carácter temporal, iniciándose unha serie dedicada ó coleccionismo privado, así como outras de contido monográfico.

- Publicacións: Baixo o título “O presente do pasado”, e a modo de guía, faise un singular percorrido polas distintas salas. Ademais o Museo publica catálogos das exposicións temporais, unidades didácticas de traballo, así como folletos divulgativos das distintas salas.

- O Museo dispón dunha biblioteca especializada en antropoloxía - etnografía galega (en formación).

- “O Barcal” inicia a súa andadura no 2003, como “Asociación de Amigos do Museo”, a través do que se canalizan actividades da vida exterior do Museo.

- “A familia etnográfica” supón unha novidade dentro das asociacións; para formar parte dela é necesario a achega de fondos, que pasarán a incrementar as coleccións permanentes do Museo, e serán exhibidas de xeito temporal.

Exposicións temporais:
...E unha pretensión: a de crear dependencia na que se comparte protagonismo: visitante e peza irmandando experiencias.



“Obxectos en torno á bicicleta”



“Da galena ó transistor”

- Horario:
Martes a sábado: de 11,00 - 14,00 / 17,00 - 19,00 (Luns e festivos, pechado)

- Prezos:

Adultos	2,40 €
Nenos e 3ª idade	0,90 €
Grupos (máis de 10)	0,60 €

- Visitas guiadas
<http://www.museoliste.org> • fun.museoliste@terra.es

